XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE
Secretaría Xeral Técnica

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 881542726 - Fax: 881542728
www.sergas.es

galicia

INFORME COMPLEMENTARIO SOBRE AS ALEGACIÓNS PRESENTADAS POLO CONSEJO GENERAL DE COLEGIOS OFICIALES DE FARMACÉUTICOS AO ANTEPROXECTO DE LEI DE ORDENACIÓN FARMACÉUTICA

Con data 22 de maio de 2018, recibiuse escrito do Consejo General de Colegios Oficiales de Farmacéuticos, no que presentan observacións ao texto do anteproxecto de lei de ordenación farmacéutica.

Unha vez analizadas, realízase o seguinte informe:

Estudo das alegacións presentadas

Artigo 2. A atención farmacéutica

Presentan observacións aos números 1 e 4 deste artigo.

- O número 1 recolle a definición de atención farmacéutica para a cal propoñen unha redacción alternativa.

  Rexéitase

  A Subdirección Xeral de Farmacia considera mais axeitada a definición recollida no texto actual do anteproxecto.

- O número 4 recolle a posibilidade do establecemento de concertos , propoñendo tamén unha redacción alternativa mais específica.

  Rexéitase

  A lei non debe obligar a que os concertos existan e tampouco especificar o contido dos mesmos, que debe determinarse segundo as necesidades en cada momento.

Artigo 3. Establecementos e servizos de atención farmacéutica

Melloran a redacción do último parágrafo.

Admítese

Corríxese o texto

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 881542726 - Fax: 881542728
www.sergas.es

Artigo 12. Definición e funcións das oficinas de farmacia

Suxiren cambios nos apartados 2) e 8).

- No apartado 2) suxiren especificar que se se dispensan medicamentos que non precisan receita, o farmacéutico debe informar e aconsellar ao usuario sobre a súa correcta utilización.

  Admítese

  Corríxese o texto

- No apartado 8) suxiren especificar o tipo de colaboración que terá o farmacéutico.

  Rexéitase

  O tipo de colaboración determinarase en posteriores desenvolvementos normativos e no concerto coa administación sanitaria.

Artigo 16. Zonas das oficinas de farmacia

Suxiren que se especifique, nunha disposición adicional, que só estarán obrigadas a dispoñer de espacios adicionais tal e como se determinen, as oficinas de farmacia autorizadas a partir da entrada en vigor da lei, que non as antigas (modificación do número 2 do artigo 16).

Rexéitase

Non se considera necesario posto que as normas salvo que se especifique o contrario, non teñen caracter retroactivo.

Artigos 18, 19, 20, 23, 41, 42, 43 e 70

Propoñen substituir nos textos destes artigos a palabra "penitenciarias" por "penais"

Admítese

Na versión en galego do anteproxecto este termo xa está correcto pero se procede a súa corrección na versión en castelán.

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 881542726 - Fax: 881542728
www.sergas.es

Artigo 35. Caducidade e revogación da autorización

Suxiren a eliminación do número 3 do artigo 35 que sinala que se hai un inxustificado e reiterado incumprimento da obriga de dispensación da medicación, se procederá á revogación da autorización, por entender que esto xa está definido na sección de infraccións e sancións

Rexéitase

Por coherencia do texto e para mais claridade, é recomendable describir tamén aquí este motivo como causa de revogación

Artigo 48. A atención farmacéutica nas estruturas de Atención Primaria. Disposicións xerais

Suxiren que os medicamentos que esixen unha particular vixilancia, supervisión e control son os medicamentos de uso hospitalario (artigo 24 do RD 1345/2007) , e que se substitúa no texto para mellor comprensión.

Rexéitase

É mais correcta a redacción actual que deixa a posibilidade de que houbese algún medicamento distinto aos de uso hospitalario que requira especial vixilancia.

Artigo 50. Funcións dos servizos farmacéuticos en atención primaria

Suxiren modificar o apartado a) do número 1 substituíndo os "medicamentos que esixen unha particular vixilancia, supervisión e control" por "medicamentos de uso hospitalario" (artigo 24 do RD 1345/2007) , e que se substitúa no texto para mellor comprensión.

Rexéitase

É mais correcta a redacción actual que deixa a posibilidade de que houbese algún medicamento distinto aos de uso hospitalario que requira especial vixilancia.

Artigo 54. Depósitos de medicamentos e produtos sanitarios

Propoñen unha modificación do número 1 para especificar que afecta aos centros de menos de 100 camas e que cando estos centros son de titularidade privada os dépositos estarán vinculados a unha oficina de farmacia ou a un servizo de farmacia hospitalaria

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 881542726 - Fax: 881542728
www.sergas.es

Admítese en parte

Non se considera necesario especificar que son os centros de menos de 100 camas pero si se engade o termo "hospitalaria" na redacción.

Artigo 57. Dirección técnica das entidades de distribución

Propoñen que se faga referencia á necesidade de colexiación dos directores técnicos.

Rexéitase

O establecemento deste requisito se reserva para o desenvolvemento posterior da norma e tampouco consta nos artigos referidos a titulares ou adxuntos das oficinas de farmacia

Artigo 65. Distribución e dispensación de medicamentos veterinarios

- No número 3, no apartado c) propoñen a substitución da expresión "establecementos comerciais ao por menor" por "establecementos comerciais detallistas" e no apartado d) subsituir "botica" por "botica anexa"

  Admítese

  Na versión en galego do anteproxecto a expresión "establecementos comerciais detallistas" xa está correcta pero se procede a súa corrección na versión en castelán. Ademais se corrixe o apartado d) facendo constar "botica anexa".

- No número 7, propoñen un cambio de redacción.

  Rexéitase

  Considérase correcta redacción actual.

Artigo 69. Publicidade e promoción dos medicamentos. Disposicións xerais

Propoñen a supresión do número 2.

Rexéitase

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 881542726 - Fax: 881542728
www.sergas.es

A subdirección xeral de Inspección sanitaria considera que non se debe suprimir este artigo senón só modificar o texto subsituíndo a palabra "autorización" pola de "control" e a de "especialidades farmacéuticas" por "medicamentos".

Artigo 72. Infraccións

Propoñen a inclusión de duas novas infraccións graves

Rexéitase

Non se incluíron porque xa están na Ley de Garantías.

Disposición adicional única

Propoñen que pase a ser "Disposición adicional primeira"

Admítese

Corríxese no texto

Disposición adicional segunda

Propóñen engadir unha disposición adicional segunda para especificar que as condicións dos locais só afectan as novas oficinas ou cando se produza un tralado.

Rexéitase

Á vista da regulación proxectada, ás farmacias actualmente autorizadas non se lles poderían esixir espacios para actividades específicas aínda non regulados. As normas salvo que se especifique o contrario, non teñen caracter retroactivo.

Estas suxestións son tidas en consideración para a tramitación desta lei

Santiago de Compostela a, 30 de maio de 2018

O secretario xeral técnico

XUNTA DE GALICIA
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

Alberto Fuentes Losada